

### Como é a cultura en Barbadas?

Para saber como é a cultura en Barbadas, posiblemente a localidade do lector, fixémoslle unha entrevista a dous membros que forman parte deste ámbito.

Comezamos entrevistando a Antía Vidal, actriz local de 31 anos, que agora está en Barbadas impartindo clases de teatro a persoas de todas as idades. Antía participou en curtametraxes como “Vida ou Morte” e “O último desexo”, así como na película “La sombra de la ley”, de Dani de la Torre ou a serie Pazo de familia da TVG.

Dende o 2019 ata a actualidade forma parte da compañía de teatro “Improversados”, que están a presentar a obra de improvisación “Épica vulgaris”.



Antía Vidal

#### ENTREVISTA A ANTÍA VIDAL

P: Ves o teatro como unha afección ou como un traballo?

R: Como un traballo, pero é un traballo que me apaixo.

P: Prefires traballar con nenos ou con adultos?

R: Con adultos e con adolescentes porque é mais fácil a comunicación que cos nenos pequenos, xa que pensamos cousas moi diferentes.

P: Querías ser actriz desde pequena?

R: Actriz non, pero sabía que quería ser artista. Dábame igual que tipo de artista, pero artista.

P: Por que decidiches meterte no mundo do teatro?

R: É vocacional, faime feliz, é unha sensación preciosa. A interpretación non ten límites, e gústame moito contar historias.

## ENTREVISTA A ALFONSO GARCÍA BLANCO, TÉCNICO CULTURAL

Continuando co teatro fixémoslle unha entrevista a Alfonso, Técnico de Cultura de Barbadás, que tamén está involucrado no mundo do teatro. Realizámoslle algunhas preguntas sobre este tema, e sobre o seu traballo en torno á cultura.

P: Que é para ti a cultura?

R: Para min é todo, vivo dende moi novo no mundo da cultura.

P: Canto tempo levas dando clases de teatro?

R: Vinte e tres anos.

P: Pódesnos explicar en que consiste o teu traballo na cultura?

R: Traballo nun centro cultural, e facémos actividades para todo tipo de persoas.

P: Deixaches o teatro ou segues facendo algo relacionado con eso?

R: Si, sigo. Deixei as clases, xa que agora creamos a compañía de Teatro Experimental de Barbadás e enfoqeime neste grupo. A compañía está formada por alumnos/as adultos/as que asistiron durante anos ás aulas de teatro, e querían ir un paso máis aló das clases

P: Consideras o teatro como un traballo ou unha afección?

R: Para min é unha afección.

P: Podes describir o teatro en tres palabras?

R: Liberdade, paixón e arte.

P: Gústache traballar con nenos?

R: Moito. Máis que con xente maior. Son persoas que se entregan moito. Os nenos son MARABILLOSOS.

P: Consideras que a programación cultural é importante nun Concello?

R: Claro, se non hai unha programación hai unha dispersión, un baleiro.



Alfonso García Blanco

## NADAL EN BARBADÁS

Para finalizar con este apartado de cultura imos pór as datas das distintas actividades que se levarán a cabo durante o Nadal en Barbadás.

A semana pasada tivo lugar o tradicional encendido da árbore, pero ao longo do mes realizaranse outras actividades como teatro, visitas de Papá Noel e Reis Magos, concertos, campamentos, obradoiros e actividades deportivas.

*Nadal en Barbadás*

<b>Martes</b> <b>5</b> DECEMBRO	16:00 h <b>Talleres de Animación Infantil e Xuvenil</b> Casa da Mocidade 19:00 h <b>Acendido da árbore de Nadal e animación musical</b> Rúa do Viso, nº1 A Valenzá	<b>Martes</b> <b>26</b> DECEMBRO	10:00 h - 14:00 h <b>Clinic Porteiros UDB/EDB</b> Campo de Fútbol Os Carrís. 19:00 h <b>Festival de Parxoliñas</b> Asociacións Culturais e Musicais do concello. Casa da Cultura Manuel María.
<b>Xoves</b> <b>14</b> DECEMBRO	12:00 h <b>Mago José Rivera con "Especial Nadal"</b> Alumnado de Primaria dos CEIPs Filomena Dato e O Ruxidoiro. Casa da Cultura Manuel María.	<b>Mércoles</b> <b>27</b> DECEMBRO	10:00 h - 14:00 h <b>Clinic Porteiros UDB/EDB</b> Campo de Fútbol Os Carrís. 19:00 h <b>Mago Joshua Kenneth con "Degustación imposibles"</b> Casa da Cultura Manuel María.
<b>Venres</b> <b>15</b> DECEMBRO	12:00 h <b>Titeres Alakran con "A Pita Xefa"</b> Alumnado de Infantil dos CEIPs Filomena Dato e O Ruxidoiro. Casa da Cultura Manuel María.	<b>Xoves</b> <b>28</b> DECEMBRO	16:00 h - 19:00 h <b>Clinic Porteiros SAMBADE</b> Campo de Fútbol Os Carrís. 19:00 h <b>Cinema "Scrooge: Conto de Nadal"</b> Casa da Cultura Manuel María.
<b>Mércoles</b> <b>20</b> DECEMBRO	19:00 h <b>Redrum Teatro con "Roedores"</b> Casa da Cultura Manuel María. 20:00 h <b>Masterclass de Nadal</b> Polideportivo Municipal.	<b>Venres</b> <b>29</b> DECEMBRO	16:00 h-19:00 h <b>Clinic Porteiros SAMBADE</b> Campo de Fútbol Os Carrís. 18:00 h <b>Visita do Apalpador</b> Acompañado de música tradicional. Avenida de Celanova 19:00 h <b>Actuación da Escola de Música</b> Sencontrastes, Fol&Roll e Grupo de Clarinetes. Casa da Cultura Manuel María.
<b>Xoves</b> <b>21</b> DECEMBRO	10:00 h <b>Visita do Papá Noel</b> CEIPs Filomena Dato e O Ruxidoiro e Centro Ocupacional As Burgas. 19:00 h <b>Titeres Tanxarina con "Titiricircus"</b> Casa da Cultura Manuel María.	<b>Mércoles</b> <b>3</b> XANEIRO	16:00 h - 21:00 h <b>Visita das SSMM Os Reis Magos</b> 16:00h Santa Uxia   16:20h Piñor   16:45h Parada   17:00 Finca Fierro 17:25h Fonsillón   17:45h Avda. Celanova nº 125   18:05h Glorieta da Familia   18:30 Avda. Celanova nº 1   18:50h As Lamas 19:20h Barbadás   19:40h Pontón   20:00h Sobrado do Bispo 20:25h Benraces   20:50h Loiro. 19:00 h <b>Concerto de Aninovo da Banda de Música Barbadás</b> Casa da Cultura Manuel María.
<b>Venres</b> <b>22</b> DECEMBRO	18:00 h <b>Visita de Papá Noel</b> Avenida de Celanova. Recepción no Poboado de Nadal. 19:00 h <b>Concerto da Banda Infantil da Escola Municipal de Música de Barbadás (EMMB)</b> Casa da Cultura Manuel María.	<b>Xoves</b> <b>4</b> XANEIRO	16:00 h - 20:00 h <b>Diverlandia 6.0 e visita das SSMM Os Reis Magos</b> Polideportivo Municipal. Retirar invitación.
<b>Sábado</b> <b>23</b> DECEMBRO	10:00 h - 19:00 h <b>Torneo benéfico Pre-benxamín</b> Campo de Fútbol Os Carrís.		
<b>Luns ata</b> <b>25</b> DECEMBRO	<b>Martes</b> <b>5</b> XANEIRO	09:00 h - 14:00 h <b>Campamento de Nadal</b> Espazo infantil. (Inscripcións do 27 novembro ao 4 decembro)	

Fonte: Concello de Barbadás